

LINGUA GALEGA.

A horta do avó

O avó Vicente enfermou e ingresárono no hospital. Despois duns cantos días, cando tivo forzas para sentar na cama, sorriu ao vernos a todos ao seu redor. De súpeto, a cara mudouelle e preguntou:

—Se estades todos aquí, quen se está a ocupar da miña horta?

Despois duns segundos de silencio, recoñecemos todos á vez:

—Ninguén...

—Que desastre! —laiouse o pobre home.

O tío Moncho correu inmediatamente cara á horta co corazón nun puño.

Mira que se se estragaran os tomates, os pementos, as espinacas, os cogombros e as cabaciñas! Mira que se se perdera definitivamente a horta que tanto estimaba o avó!



Pero, ao chegar á horta, o tío Moncho non deu creto ao que viu: todo estaba perfecto! A terra estaba húmida, coma se alguén acabase de regala, as hortalizas tiñan un aspecto espléndido e as malas herbas non se deixaban ver por ningún lado. Que misterio! Como era posible que estivese tan perfecta unha horta que levaba tantos días abandonada?

Cando o tío Moncho regresou ao hospital e explicou o que vira, os ollos do avó Vicente enchéronse de bágoas de alegria e exclamou:

—Debeu ser Pedro! Con razón di o refrán que quen ten un bo veciño, ten un bo amigo...



1 Responde as seguintes preguntas sobre o texto.

- Onde ingresaron ao avó Vicente? _____
- Por que o ingresaron? _____
- A quen viu ao seu redor cando pudo sentar na cama? _____
- Que lles preguntou entón? _____
- _____

2 Razoa. Por que ao avó lle pareceu un desastre que ninguén se ocupase da horta?

[Two empty lines for writing]

3 Escribe o nome das hortalizas que había na horta do avó Vicente.



[Three empty lines for writing]

4 Marca o significado correcto destas expresións que aparecen na lectura.



Ter o corazón nun puño.

- Estar moi contento.
- Estar moi tranquilo.
- Estar moi preocupado.

Non dar creto a algo.

- Non poder crer o que pasa.
- Non ver o que pasa.
- Non darlle diñeiro a ninguén.



5 Relaciona. Como estaba a horta do avó Vicente?

- | | | |
|-----------------|---|--|
| A terra | ■ | ■ tiñan un aspecto espléndido. |
| As hortalizas | ■ | ■ non se deixaban ver por ningún lado. |
| As malas herbas | ■ | ■ estaba húmida, coma se acabasen de regala. |

6 Subliña a resposta correcta. Que persoa cría o avó Vicente que lle estivera coidando a horta?

- Pedro, un parente.
- Pedro, un veciño.



2 Subliña os nomes da cor que corresponda.

Substantivos comuns

Substantivos propios

Unha visita moi interesante

Hoxe fun cos meus amigos, Sonia e Xaime, e as súas cadeliñas, Perla e Suave, visitar unha aldea de montaña que se chama Rioforte. A guía levounos a un muíño moi antigo e a unha fábrica de papel. O dono regalounos moitos cadernos. Que ben o pasamos!



3 Copia un substantivo do texto anterior que encaixe en cada descripción.

- | | |
|--|--|
| ■ De persoa, masculino, plural ► <input type="text"/> | ■ De lugar, propio ► <input type="text"/> |
| ■ De persoa, feminino, singular ► <input type="text"/> | ■ De animal, propio ► <input type="text"/> |
| ■ De cousa, masculino, singular ► <input type="text"/> | ■ De home, propio ► <input type="text"/> |
| ■ De animal, feminino, plural ► <input type="text"/> | ■ De muller, propio ► <input type="text"/> |

4 Escribe o plural das seguintes palabras.

- | | |
|---------------------------------|----------------------------------|
| ■ caixón ► <input type="text"/> | ■ flor ► <input type="text"/> |
| ■ goma ► <input type="text"/> | ■ compás ► <input type="text"/> |
| ■ diario ► <input type="text"/> | ■ carpeta ► <input type="text"/> |

